



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Anatomía Humana		Código	653G01106
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Primeiro	Formación básica	9
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Díaz Prado, Silvia María		Correo electrónico	s.diaz1@udc.es
Profesorado	Díaz Prado, Silvia María		Correo electrónico	s.diaz1@udc.es
	Fuentes Boquete, Isaac Manuel			i.fuentes@udc.es
	Meilán Devesa, José Ramón			jose.meilan@udc.es
	Santos del Riego, Sergio Eduardo			sergio.santos.delriego@udc.es
Web				
Descrición xeral	A Anatomía Humana estuda a organización estrutural do corpo humano en estado de saúde e durante o desenvolro, relacionando a forma coa función e valorando os cambios de dita estrutura como resposta a todos aqueles axentes que, en condicións de normalidade, actúan sobre ela. A docencia de Anatomía Humana está encamiñada a que o futuro profesional sanitario adquira a terminoloxía anatómica e se inicie no emprego correcto da nomenclatura médico-biolóxica. Ten un enfoque aplicativo, de modo que sexa útil para outras materias do currículo do Grao en Terapia Ocupacional. Para isto, abórdase o estudo dunha anatomía funcional, descritiva, sistémica e topográfica, orientada a fomentar a capacidade de descrición e de orientación espacial.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: Non se realizarán cambios nos contidos. 2. Metodoloxías: *Metodoloxías docentes que se manteñen: BLOQUE 1. ANATOMÍA HUMANA. Mantéñense todas as metodoloxías, a excepción da realización dos cadernos de traballo de Anatomía Humana (obradoiro). As sesións maxistras e as prácticas de laboratorio (nas que se imparten contidos teóricos co apoio do uso de maquetas e de ósos da osteoteca) impartiranse a través de Teams. BLOQUE 2. CINESIOLOXÍA OCUPACIONAL. Mantéñense os seminarios, que se impartirán a través de Teams. *Metodoloxías docentes que se modifican: BLOQUE 2. CINESIOLOXÍA OCUPACIONAL. Prof. Sergio Santos del Riego. ? Sesións maxistras e seminarios teórico-prácticos (de membros superior e inferior): temas publicados periodicamente en MOODLE. ? Docencia de apoio a través de Teams. Grupo Grande (GG): síncrona en horario oficial (9:00-10:00 h). Grupos Docencia Interactiva (seminarios teórico-prácticos, GDI): síncrona en horario oficial (10:00-11.30 h), ampliado máximo até as 12:00 h. Permítese repetir a asistencia á docencia de GDI, á marxe do grupo que corresponda. Seminarios de Membros Superior e Inferior: en cada caso, realizaranse a través de Teams en datas a determinar en tres sesións de docencia síncrona e unha cuarta sesión de tutoría de apoio grupal. Prof. José Ramón Meilán Devesa. ? Balance Muscular. Vídeos de exploración muscular publicados en MOODLE cada semana, dirixidos á grupos GDI). ? Balance Articular: Vídeos de balance articular publicados en MOODLE cada semana e un seminario explicativo a través de Teams. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: correo electrónico, MOODLE e Teams (a demanda, previa solicitude por correo electrónico), en horario oficial de tutorías. 4. Modificacións na avaliación: BLOQUE 1: ANATOMÍA HUMANA: A avaliación na primeira e segunda oportunidade farase a través de MOODLE mediante exame tipo test (6,5 puntos), que consistirá de 48 preguntas, cada unha con catro sentencias das que só unha é correcta. O aprobado establécese nun mínimo de 30 preguntas contestadas correctamente. BLOQUE 2: CINESIOLOXÍA OCUPACIONAL: AVALIACIÓN CONTÍNUA (3,5 puntos). Detállase o peso na avaliación e as tarefas, segundo o profesor: - Prof. Sergio Santos del Riego (2 puntos; Puntuación mínima: 0.8 puntos). Cada tarefa consiste de: a. unha memoria-portafolios manuscrita orixinal que inclúa conceptos relevantes de cinesioloXía estrutural. b. un procedemento de aprendizaxe-servizo (elaboración dunha imaxe jpg que relacione o membro superior (tarefa 1, 1 punto) e o inferior (tarefa 2, 1 punto) cunha actividade ocupacional e unha mensaxe de interese para a cidadanía. - Prof. José Ramón Meilán Devesa (1.5 puntos; Puntuación mínima: 0.6 puntos). Tarefa 1. Valoración Muscular. Tarefa 2. Valoración Articular. Data de entrega das tarefas de cada profesor: a determinar. EXAME ORAL (3,5 puntos). Só para o alumnado que non aprobe este BLOQUE mediante a avaliación continua (non alcanzar a puntuación mínima nas dúas partes ou non presentar en tempo e forma ambas tarefas a cada profesor). 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: BLOQUE 1. ANATOMÍA HUMANA Non hai modificacións. BLOQUE 2. CINESIOLOXÍA OCUPACIONAL 1. Prof. Sergio Santos del Riego: PDF tanto para clases maxistras e Seminarios práctico de membro superior e teórico de membro inferior. Vídeos tanto das clases maxistras como dos seminarios. 2. Prof. José Ramón Meilán Devesa: Vídeos das prácticas: Balance Muscular e Articular.
-----------------------------	--



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Desenvolver a capacidade de observación.	A1	B1	C1
	A2	B8	C4
		B9	C6
		B12	C7
		B13	C8
		B16	
		B17	
		B19	
		B23	
		B25	
Identificar mediante a anatomía de superficie estruturas óseas, musculares, nerviosas e vasculares do corpo humano.	A1	B1	C1
	A2	B8	C4
		B9	C6
		B12	C7
		B13	C8
		B16	
		B17	
		B19	
		B23	
		B25	
Coñecer, comprender e analizar a anatomía do movemento humano para deducir o comportamento en condicións de disfunción ocupacional.	A1	B1	C1
	A2	B8	C4
		B9	C6
		B12	C7
		B13	C8
		B16	
		B17	
		B19	
		B23	
		B25	
Identificar a forma e as relacións das diferentes estruturas anatómicas mediante o uso de esquemas, debuxos, fotografías, cortes multidireccionais, reconstrucións planimétricas e modelos tridimensionais (maquetas).	A1	B1	C1
	A2	B8	C4
		B9	C6
		B12	C7
		B13	C8
		B16	
		B17	
		B19	
		B23	
		B25	



Utilizar os coñecementos anatómicos no plantexamento e análise de problemas clínicos pertinentes.	A1 A2	B1 B8 B9 B12 B13 B16 B17 B23 B25	C1 C4 C6 C7 C8
Dominar a terminoloxía anatómica, de modo que o alumnado coñeza a nomenclatura actualizada das estruturas anatómicas e adquira a capacidade de descrición destas estruturas empregando termos de orientación espacial.	A1 A2	B1 B8 B9 B12 B13 B16 B17 B19 B23 B25	C1 C4 C6 C7 C8
Adquirir a base suficiente do coñecemento anatómico para realizar intervencións no ámbito da terapia ocupacional.	A1 A2	B1 B8 B9 B12 B13 B16 B17 B19 B23 B25	C1 C4 C6 C7 C8
Coñecer os conceptos básicos de cinesiología (anatomía aplicada), necesarios para o desenvolvemento adecuado do exercicio profesional do terapeuta ocupacional.	A1 A2	B1 B8 B9 B12 B13 B16 B17 B19 B23 B25	C1 C4 C6 C7 C8
Coñecer a morfoloxía general do corpo humano, a localización, a forma e a estrutura dos seus órganos, sistemas e aparatos, e as súas interrelacións topográficas.	A1 A2	B1 B8 B9 B12 B13 B16 B17 B19 B23 B25	C1 C4 C6 C7 C8



Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Introducción á anatomía humana. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Introdución á anatomía humana. Introdución á embrioloxía. Introdución á histoloxía. Ósos: estrutura, función e tipos. Remodelamento óseo. Articulacións: clasificación. Articulación sinovial. Actividades prácticas (utilizando a osteoteca): Estudar o tecido óseo compacto e esponxoso. Estudar os tipos de ósos. Recoñecer as superficies articulares.
Tema 2.- Ósos e articulacións de cabeza, colo e tronco. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Esqueleto da cabeza. Columna vertebral. Vértebra tipo. Vértabras rexionais. Esqueleto do tórax: mecánica respiratoria. Actividades prácticas (utilizando a osteoteca e maquetas): Estudar o esqueleto da cabeza. Estudar as vértebras das distintas rexións do raquis. Estudar o esqueleto do tórax.
Tema 3. Músculos do colo e do tronco. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Músculos da rexión posterior do colo. Músculos da rexión anterior do colo. Músculos do tronco: rexión posterior do tronco, parede anterolateral do tórax, parede anterolateral do abdome, diafragma e piso pélvico. Actividades prácticas (en maquetas): Recoñecer os principais músculos de colo e tronco.



Tema 4. Ósos e articulacións do membro superior. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Cintura escapular: clavícula e escápula. Úmero. Radio e Cúbito. Ósos do carpo. Ósos da man: metacarpianos e falanxes. Complexo articular do ombro: articulación esternoclavicular, articulación acromioclavicular e articulación escapulohumeral. Articulación do codo e articulación radiocubital distal. Complexo articular do pulso: articulacións radiocarpiana, mediocarpiana e intercarpianas. Articulacións carpometacarpianas. Articulación trapezometacarpiana. Articulacións metacarpofalánxicas. Articulacións interfalánxicas. Actividades prácticas: Estudar os ósos e as articulacións utilizando a osteoteca e as maquetas.
Tema 5. Musculatura, vascularización e innervación do membro superior. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Músculos do ombro: rexións anterior, medial, lateral e posterior. Músculos do brazo: rexións anterior e posterior. Músculos do antebrazo: rexións anterior, lateral e posterior. Músculos da man: rexións media, tenar e hipotenar. Actividades prácticas (en maquetas): Recoñecer e palpar os principais músculos do membro superior.
Tema 6. Ósos e articulacións do membro inferior. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Coxal. Fémur. Rótula. Tibia e peroné. Ósos do pé: tarso anterior (astrágalo e calcáneo), tarso posterior (navicular, cuneiformes e cuboides), metatarsianos e falanxes. Articulación coxofemoral. Articulación do xeonllo. Articulacións tibioperonea proximal, tibioperonea distal e talocrural. Articulación subastragalina. Articulación mediotarsiana: articulación astragalocalcaneonavicular e articulación calcaneocuboidea. Articulación cuneonavicular. Articulacións tarsometatarsianas. Articulacións metatarsofalánxicas. Articulacións interfalánxicas. Actividades prácticas: Estudar utilizando a osteoteca e as maquetas os ósos do membro inferior. Estudar utilizando as maquetas as articulacións do membro inferior.
Tema 7. Musculatura, vascularización e innervación do membro inferior. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Músculos da pelvis: iliopsoas e rexión glútea. Músculos do muslo: rexións anterior, medial e posterior. Músculos da perna: rexións anterior, lateral e posterior. Músculos do pé: rexión dorsal e rexión plantar (media, medial e lateral). Actividades prácticas (maquetas): Recoñecer e palpar os principais músculos do membro inferior.



Tema 8. Sistema cardiocirculatorio. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Corazón. Circulación sistémica e pulmonar. Vascularización xeral. Sistema linfático. Actividades prácticas.- Estudar en maquetas: A morfoloxía do corazón. A vascularización xeral.
Tema 9. Sistema nervioso. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Introdución. Medula espiñal e Nervio espiñal. Encéfalo: tronco encefálico, diencefalo, telencéfalo (corteza cerebral: áreas sensitivas e motoras) e cerebelo. Meninxes e líquido cefalorraquídeo. Actividades prácticas (utilizando maquetas): Estudo da medula espiñal e o nervio espiñal. Estudo do encéfalo.
Tema 10. Sistema Nervioso. Vías sensitivas e motoras. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico: Vía da sensibilidade termoalxésica: tracto espinotalámico lateral. Vía da sensibilidade do tacto groseiro: tracto espinotalámico anterior. Vía da sensibilidade propioceptiva consciente. Vía motora consciente. Actividades prácticas: Estudar completando en debuxos esquemáticos as vías ascendentes e descendentes.
Tema 11. Estesioloxía e esplacnoloxía. Prof. Isaac Fuentes e Silvia Díaz	Contido teórico de estesioloxía: Introdución aos órganos e receptores dos sentidos. Sentido da visión, sentido da audición, sentidos do olfato, do gusto e do tacto. Contido teórico de esplacnoloxía: Introdución aos sistemas e aparatos. Actividades prácticas: Estudar en maquetas os fundamentos anatómicos das estruturas descritas.



Tema 12. Cinesiología Ocupacional Biomecánica. Prof. Sergio Santos del Riego	- Conceptos xerais: Importancia no currículo de Terapia Ocupacional. - Biomecánica dos tecidos - Cinética. - Cinemática. - Biomecánica ocupacional.
Tema 13. Cinesiología Ocupacional Estructural. Prof. Sergio Santos del Riego. Contidos teóricos (Clases expositivas e aprendizaxe colaborativo). Seminarios teórico prácticos.	- Introducción, conceptos e terminoloxía. - Xeralidades: Tipos de articulacións e mioloxía. - Acción motriz: Respiración, postura, dinámica, membro superior e membro inferior. - Cinesiología estrutural ocupacional: ombro, cóbado, pulso, man, raquis, cadeira, xeonllo, nocello e pé. - Aplicacións ocupacionais en Membro superior: ombro, cóbado, antebrazo, pulso, man e dedos. - Anatomía aplicada ocupacional nas Actividades da Vida Diaria. - Aplicacións ocupacionais en Membro inferior: cadeira, xeonllo, nocello e pé. - Marcha, Carreira e Salto, entre outros. - Aplicación ocupacional con Métodos de Facilitación Neuromuscular Propioceptiva: Xeralidades. - Seminarios teórico-prácticos: Aproximación topográfica transdisciplinar a: Membro superior, Membro inferior, Retrosoma/Presoma e Plexos.
Tema 14.-Cinesiología Ocupacional práctica. Prof. José Ramón Meilán Devesa. Actividades prácticas.	- Balance articular. - Balance muscular. - Coñecementos básicos de estiramientos musculares.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 B1 B8 B12 B17 B25 C4 C6	25	50	75
Prácticas de laboratorio	A2 A1 B9 B13 B16 B23 C1 C8	24	24	48
Seminario	B1 B8 B9 B13 B25 C7	3	6	9
Obradoiro	A2 A1 B8 B9 B13 B16 B17 B23 B25 C4 C6 C7 C8	0	14	14
Prácticas clínicas	A2 A1 B8	12	12	24
Proba obxectiva	A2 A1 B1 B8 B9 B12 B13 B16 B17 B19 B23 B25 C1 C4 C6 C7 C8	1	2	3
Proba de resposta múltiple	A2 A1 B8 B12	1	1	2
Proba oral	A2 A1 B8 B17 B19 B23 B25 C1	1	2	3
Aprendizaxe colaborativa	A2 A1 B1 B8 B9 B12 B13 B16 B17 B19 B23 B25 C1 C4 C6 C7 C8	15	30	45
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clase teórica participativa, favorecendo o intercambio de opinións, o debate e a resposta das preguntas formuladas polo alumnado. Forma fparte das metodoloxías de Anatomía Humana.
Prácticas de laboratorio	Clases prácticas que complementan os contidos abordados nas clases teóricas: - Empréganse as coleccións de maquetas e láminas do corpo humano e a osteoteca do Laboratorio de Anatomía Humana. - Mediante a palpación de estruturas, abórdase o estudio da anatomía de superficie. - Examínanse distintos grupos musculares, mediante a palpación e movementos contra resistencia. - Analízanse funcionalmente as principais articulacións móbiles. Nas prácticas de laboratorio foméntase a participación do alumnado, favorecendo o intercambio de opinións, o debate e a resolución de problemas.
Seminario	É unha técnica de traballo en grupo reducido que ten como finalidade o estudio intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os participantes do seminario. O fin desta metodoloxía é aclarar concepto e resolver dúbidas. Forma parte das metodoloxías de Anatomía Humana.
Obradoiro	Consiste en exercicios que o alumnado debe realizar (completar debuxos esquemáticos de estruturas anatómicas; identificar detalles anatómicos nos debuxos esquemáticos; recoñecer mediante anatomía de superficie determiandas estruturas anatómicas, etc.) recollidos nos CADERNOS DE TRABALLO DE ANATOMÍA HUMANA, elaborados polo profesorado da Área de Anatomía e Embrioloxía Humana, e ós que o alumnado ten acceso a través da plataforma virtual da universidade. Forma parte das metodoloxías de Anatomía Humana.
Prácticas clínicas	Basándose na valoración funcional de músculos e articulacións, preténdese favorecer a adquisición de competencias básicas na valoración clínica do aparato locomotor. Forma parte da metodoloxía de Cinesiología Ocupacional.
Proba obxectiva	Exame final de Anatomía Humana. Consistirá en dúas partes: Exame tipo test (cada pregunta con 4 afirmacións; só unha é correcta; non se puntúa negativo por resposta incorrecta). O aprobado está no 60% de respostas correctas. Exame preguntas cortas. Cada parte do exame contribúe nun 50% na cualificación do exame final. Exame final Cinesiología Ocupacional. Exame escrito de preguntas cortas ou medias en data establecida en calendario oficial de exames aprobado en Xunta de Facultade.
Proba de resposta múltiple	Probas periódicas tipo test sobre unidades temáticas da materia. Forma parte da avaliación continua de Anatomía Humana.
Proba oral	Proba oral personalizada na que se valorará o coñecemento da acción dun grupo muscular ou músculo illado e a interpretación dunha goniometría articular.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedimentos de enseñanza-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións. O alumnado traballa conxuntamente en grupos reducidos na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. Esta metodoloxía corresponde á Cinesiología Ocupacional.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Seminario Aprendizaxe colaborativa Obradoiro Prácticas clínicas Sesión maxistral Prácticas de laboratorio	A atención personalizada faise mediante titorías personalizadas directas e virtuais a demanda e previa cita, individualis e grupais.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A2 A1 B8 B9 B13 B16 B17 B23 B25 C4 C6 C7 C8	Avaliación continua de Anatomía Humana: Realización dos cadernos de traballo de Anatomía Humana.	5
Proba obxectiva	A2 A1 B1 B8 B9 B12 B13 B16 B17 B19 B23 B25 C1 C4 C6 C7 C8	Exame final de Anatomía Humana: 50% da nota final. Consistirá en dúas partes: Exame tipo test, de 12 a 24 preguntas (cada pregunta con 4 afirmacións; só unha é correcta; non se puntúa negativo por resposta incorrecta). O aprobado está no 60% de respostas correctas. Exame preguntas cortas (5 a 10 preguntas). Cada parte do exame contribúe nun 50% na cualificación do exame final. Exame final de Cinesioloxía Ocupacional: 20% da nota final.	70
Proba de resposta múltiple	A2 A1 B8 B12	Avaliación continua de Anatomía Humana. Probas periódica tipo test sobre unidades temáticas da materia.	10
Proba oral	A2 A1 B8 B17 B19 B23 B25 C1	Exame final de Cinesioloxía Ocupacional. Proba oral personalizada na que se valorará o coñecemento da acción dun grupo muscular ou músculo illado e a interpretación dunha goniometría articular. Ademais, poderase incluír unha parte de estiramientos.	15

Observacións avaliación



ANATOMÍA HUMANA

Grao de Terapia Ocupacional ORGANIZACIÓN DA MATERIA.

A materia está dividida en dúas partes: Anatomía Humana (6 ECTS; profesores: Isaac Manuel Fuentes Boquete, Silvia María Díaz Prado)

CinesioloXía Ocupacional (3 ECTS; profesores: Sergio Santos del Riego e José Ramón Meilán Devesa) Responsable da materia: Profa. Silvia María Díaz Prado. Ao inicio do curso académico, explicará con detalle ao alumnado a organización da materia e os criterios de avaliación. AVALIACIÓN DA MATERIA.- A materia avalíase da seguinte maneira: Anatomía Humana: cun valor de 6,5 sobre 10, tal como se indica a continuación: Avaliación continua: 1,5 sobre 6.5. Exame final: 5 sobre 6.5.

Para aprobar a Anatomía Humana, será necesario alcanzar un total de 3,25 sobre 6.5. CinesioloXía Ocupacional: cun valor de 3,5 sobre 10, tal como se indica a continuación: Exame final escrito (Prof. Sergio Santos): cun valor de 2,0. Exame oral práctico (Prof. José R. Meilán): cun valor de 1,5. APROBADO DA MATERIA.

O aprobado conxunto da materia corresponde a 5,0 sobre 10.

Para

o cálculo da nota final da materia sumaranse as notas obtidas en cada parte da materia, sempre que se obteña en cada parte o 80% do valor na nota de aprobado. Así, para este cálculo da nota final da materia é preciso obter:

Anatomía Humana: 2,6 (80% de 3,25). CinesioloXía Ocupacional: 1,4 (80% de 1,75), obtendo un mínimo de 0,8 no exame escrito (Prof. Sergio Santos) e de 0,6 no exame oral (Prof. Meilán). AVALIACIÓN DE ANATOMÍA HUMANA EN DETALLE. Exame final de Anatomía Humana (cun valor de 5,0).-

Consistirá en dúas partes: Proba tipo test (cun valor de 2,5). Consiste de 24 a 48 preguntas. Cada pregunta conta con catro sentencias, das cales só unha é correcta. Non se puntuará negativo por resposta incorrecta. O aprobado está no 60% de respostas correctas. Exame preguntas cortas (cun valor de 2,5). Consiste de 5 a 10 preguntas curtas.

Avaliación continua de Anatomía Humana.- Terase en conta: Realización dos cadernos de prácticas (cun valor de 0,5). Os cadernos publícanse en MOODLE. Probas periódicas tipo test sobre unidades temáticas da materia (cun

valor de 1,0). Estes exames tipo test teñen a mesma estrutura, grao de dificultade e modo de avaliación que a proba tipo test do exame final. AVALIACIÓN DE CINESIOLOXÍA OCUPACIONAL EN DETALLE.

Exame final escrito de CinesioloXía Ocupacional (cun valor de 2,0). Exame oral práctico de CinesioloXía Ocupacional (cun valor de 1,5). Consistirá na valoración dun grupo muscular e dunha goniometría articular. Poderase incluír unha parte de estiramientos, na que o alumnado terá que explicar a manobra e a implicación do grupo muscular ou músculo illado. O profesor publicará, previamente á data oficial de realización do exame correspondente, un documento co lugar e horario de realización do exame que corresponda a cada alumno/a. PLAN GREEN CAMPUS FCS:

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir o obxectivo estratéxico 9 do Plan Green Campus da Facultade de Ciencias da Saúde (FCS), os traballos documentais que se realicen nesta materia:

A.- Maioritariamente, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.

B.- De realizarse e papel:

1. Non se utilizarán plásticos.
2. Realizaranse impresións a dobre cara.
3. Empregarase papel reciclado.
4. Evitarase a realización de borradores.



Bibliografía básica	·Delmas A. Vías y centros nerviosos. Barcelona: Ed. Masson 2001. ·Drake RL, Wayne V, Mitchell AWM. GRAY. Anatomía para estudiantes. Madrid: Ed. Elsevier 2005. ·Dufour M. Anatomía del aparato locomotor. Barcelona: Ed. Masson 2003-04. ·Feneis H, Dauber W. Nomenclatura anatómica ilustrada. Barcelona: Ed. Masson 2006. ·Moore KL, Dalley AF. Anatomía con orientación clínica. Madrid: Ed. Médica Panamericana 2002. ·Netter FH. Atlas de Anatomía Humana. East Hanover: Ed. Novartis 2003. ·Olson T. ADAM. Atlas de Anatomía Humana. Barcelona: Ed. Masson 1997. ·Palastanga N, Field D, Soames R. Anatomía y movimiento humano. Estructura y funcionamiento. Barcelona: Ed. Paidotribo 2000. ·Schünke M, Schulte E, Schumacher U, Voll M, Wesker K. PROMETHEUS. Texto y atlas de anatomía. Madrid: Ed. Médica Panamericana 2005. ·Putz R, Pabst R, editores. SOBOTTA. Atlas de Anatomía Humana. Madrid: Ed. Médica Panamericana 2000. ·Rouvière H, Delmas A. Anatomía Humana. Descriptiva, Topográfica y Funcional. Barcelona: Ed. Masson 1999. ·Rash - Burke. Kinesiología y Anatomía aplicada. Cuarta edición. El Ateneo, 1976. ·Lutgens ? Wells. Kinesiología. Bases científicas del Movimiento Humano. Séptima edición. CBS Collage Publishing, 1985. ·Villadot Voegeli. Lecciones básicas de Biomecánica del Aparato Locomotor. Masson, 2004. ·Rene Caillet. Anatomía Funcional, Biomecánica. Marban. ·Nordin ? Frankel. Biomecánica básica del Sistema Musculoesquelético. Tercera edición. McGraw-Hill ? Interamericana. ·Paolo Raimondi. Cinesiología y Psicomotricidad. Paidotribo, 2006. ·Eric Viel at cols.. La Marcha Humana, la Carrera y el Salto. Masson, 2002. ·Panjabi MM ? White AA. Biomechanics in the Musculoskeletal System. Churchill ? Livingstone. New York, 2001. ·Kapandji IA. Fisiología Articular. Quinta edición. Editorial Médica Panamericana, 1998. ·Lutgens and Wells. Kinesiología. Bases científicas del movimiento humano. Augusto F. Pila Teleña C.B.S. College Publishing, 1982 ·A. Lapierre. La reeducación Física. Masson, Rolf Wirhed. Habilidad Atlética y anatomía del movimiento. Edika-Med, ·S. Hoppenfeld. Exploración física de la columna vertebral y las extremidades. Manual moderno m/m.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



INDICACIÓNS DO PROFESORADO:

Profs. Isaac Fuentes e Silvia Díaz. A asistencia á clase é obrigatoria. Recoméndase levar a materia ao día para obter un bo rendimento académico.

Prof. Sergio Santos del Riego. Obrigatoria a asistencia para o grupo de traballo de estudantes que expoñen nas clases de grupo grande de Cinesiología Ocupacional e altamente recomendable para o resto dos seus compañeiros. É altamente recomendable que os estudantes asistan aos 3 ou 4 seminarios teórico-prácticos que se realizan para cada grupo mediano. OBSERVACIÓNS:

Programa

Green Campus FCS

Para axudar a conseguir

un entorno inmediato sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do

"III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2018-2020)", os

traballos documentais que se realicen nesta materia:

a. Solicitaranse

maioritariamente en formato virtual e soporte informático.

b.

De realizarse en papel:

-

Non se empregarán plásticos.

-

Realizaranse impresións a dobre cara.

-

Empregarase papel reciclado.

-

Evitarase a realización de borradores.

PLAxio

A

detección de fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo da materia

implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada (0,0) e a remisión

directa á oportunidade seguinte.

Dita

circunstancia comunicarse á Comisión Académica e ao resto de profesores do

título. En caso de que se reitere a irregularidade nunha 2ª avaliación, a

Comisión poderá solicitar ao Reitor a expulsión temporal ou definitiva do/a estudante

do título cursado.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías